



NOTA DE PRENSA

Empresarios, investigadores e representantes do goberno colombiano coñecen en Galicia o noso modelo de termalismo para implantalo no seu país

En Colombia os balnearios están orientados ao lecer, mentres que en Galicia potenciáase o valor terapéutico das augas

Participan nun curso da Universidade de Vigo, en colaboración coa Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- O curso de verán “Termalismo: espazos termaleis” da Universidade de Vigo desenvólvese ao longo desta semana en diferentes balnearios da comunidade e hoxe venres clausúrase en Santiago. O curso conta coa colaboración da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia.

Os participantes neste curso son, na súa maioría, empresarios colombianos do sector termal, ademais de laboratorios, firmas hoteleiras, investigadores universitarios e representantes do goberno do departamento de Caldas, que está irmandado coa localidade galega de Caldas de Reis. No país colombiano os balnearios son espazos fundamentalmente recreativos, orientados ao lecer, mentres que en Galicia se potencia a saúde e o benestar. Por esta razón buscan coñecer o modelo termal da nosa comunidade co fin de poder transformar e impulsar o sector no seu país e reorientalo cara a unha perspectiva máis terapéutica.

A través deste curso a delegación colombiana tivo a oportunidade de coñecer a riqueza das augas mineromedicinais de Galicia, así como os seus centros termaleis e os facultativos médicos e técnicos que traballan no sector. Ademais, achegáronse a boa parte dos balnearios galegos co fin de aprofundar no seu funcionamento e nas principais técnicas que empregan.

O director do curso é o profesor **José Luís Legido**, catedrático de Física Aplicada da Universidade de Vigo. Sinala que “Galicia é un referente mundial en termalismo pola diversidade das súas augas mineromedicinais e polo potencial dos centros termaleis e dende Colombia están moi interesados en coñecer o noso modelo para implantalo alí, onde posúen tamén unha enorme riqueza de augas”.

A promoción do sector termal galego entre a poboación, os profesionais da Medicina e os escolares

Nesta derradeira xornada do curso os asistentes realizaron unha visita cultural á cidade de Santiago, onde ademais participaron nun encontro con profesionais do sector na facultade de Medicina da Universidade de Santiago. O director da Cátedra de Hidroloxía Médica, o doutor **Juan Gestal Otero**, explicoulles as diferentes iniciativas que se levan a cabo dende a Cátedra para promover entre a poboación en xeral e entre os profesionais médicos en particular o sector termal galego e as propiedades terapéuticas das augas mineromedicinais da comunidade, xunto á formación de futuros facultativos no eido da hidroloxía médica.

O doutor **Gestal** agasallou aos participantes neste curso cun exemplar do “Vademécum das augas mineromedicinais de Galicia”, que a Cátedra elaborou para distribuír entre os profesionais sanitarios de atención primaria, reumatoloxía, dermatoloxía, neumoloxía, traumatoloxía e pediatría de toda Galicia. Deste vademécum xa se editaron máis de 8.000 exemplares. Así mesmo, entregóuselles un libro con todas as conferencias deste curso, editado pola Cátedra.

O director da Cátedra tamén fixo especial fincapé na difusión da importancia das augas mineromedicinais galegas e as súas posibilidades para a saúde entre os escolares, para os que tamén se están a desenvolver accións específicas.

Os beneficios terapéuticos da talasoterapia

No encontro tamén participou **Benigno Amor**, xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, que abordou a situación actual do termalismo na comunidade. Pola súa parte, **Rosa Meijide Faiñe**, catedrática de Hidroloxía Médica da Universidade da Coruña, explicoulles aos asistentes os aspectos físicos e terapéuticos da talasoterapia.

A experta indicou que “a talasoterapia céntrase no aproveitamento dos beneficios dos elementos mariños para mellorar a saúde”. Salióu que na actualidade ten cada vez máis importancia debido ás súas indicacións terapéuticas. Nesta liña, fixo referencia aos centros de talasoterapia como “centros de recuperación, en particular de rehabilitación traumatolóxica e de enfermidades neurolóxicas, en piscinas con auga de mar. Tamén se abordan problemas da pel como a psoríase, doenzas reumáticas, ata patoloxías vencelladas ao aparato respiratorio como as rinites e as sinusites”.

Ademais da utilización da auga do mar, a experta sinalou que se aplican os lodos e os limos mariños, a area e, sobre todo, as algas, que presentan un enorme potencial na loita contra o cancro.

Xornada de lecer no Balneario de Compostela

Na xornada da tarde os participantes trasladáronse ao Balneario de Compostela (Brión), onde realizaron prácticas centradas na aplicación de peloides termais con fins terapéuticos. A directora médico do balneario, **Belén Cabanas**, achegoulles as últimas innovacións no sector.